

Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras

ARTIGO 1. Fundamento Legal

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e de acordo co disposto nos Artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 15.1 en concordancia co artigo 59.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 100 a 103 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

ARTIGO 2. Natureza Xurídica e Feito Impoñible

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívose ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

ARTIGO 3. Construcións, Instalacións e Obras Suxeitas

Son construcións, instalacións e obras suxeitas ao Imposto todas aquelas cuxa execución implique a realización do feito imponible definido no artigo anterior.

ARTIGO 4. Exencións

Estará exenta a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, a Comunidade Autónoma ou a Entidade Local que, estando suxeita, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

ARTIGO 5. *Suxeitos Pasivos*

Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice a construción, instalación ou obra.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita

ARTIGO 6. *Base Impoñible*

A base impoñible deste Imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación u obra, e se entende por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

Quedan excluídos da base impoñible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais Impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos, prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas coa construción, honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista, e calquera outro concepto que non integre estritamente, o custo de execución material.

ARTIGO 7. *Cota Tributaria*

A cota do Imposto será o resultado de aplicar á base impoñible o tipo de gravame que se fixa en 2%.

ARTIGO 8. *Bonificacións*

1.—Establécese unha bonificación do 40 % da cota do imposto a prol das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por atoparse en algún dos seguintes casos:

a) Obras de conservación e rehabilitación de elementos concretos protexidos na normativa urbanística do Concello.

b) Obras nas que concorran circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración e que obtiveran a cualificación de ILE (Iniciativa Local de Emprego) expedida pola Xunta de Galicia.

A declaración de "interese ou utilidade municipal" corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple.

Para poder beneficiarse desta bonificación, os suxeitos pasivos do imposto deberán solicitar ó Pleno da Corporación a declaración de "interese ou utilidade municipal", no intre de solicita-la correspondente licenza municipal, achegando a documentación que acredite as circunstancias sinaladas nos apartados a) e b) anteriores. Xunto coa solicitude, o suxeito pasivo poderá practicar autoliquidación do imposto, aplicando a bonificación solicitada de forma provisional, e condicionada á obtención da correspondente declaración plenaria de "interese ou utilidade municipal".

2.—Gozarán dunha bonificación do 30% sobre a cota, as construcións, instalacións ou obras consistentes na instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. Non obstante, para o caso de construción de uso residencial, a porcentaxe de bonificación ascenderá ata o 85%. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que se acredite que os colectores ou adaptadores dispoñen da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cota correspondente as construcións, instalacións e obras destinadas a dito fin. Para gozar da bonificación, deberá achegarse polo interesado un desglose do presuposto no que se determine razoadamente o custo que supón para a construción, instalación ou obra á que se refire este presuposto

3.—Terán dereito a unha bonificación do 50 % na cota do imposto, as obras destinadas a vivendas de protección oficial, que contén con tal cualificación outorgada pola Xunta de Galicia. Esta bonificación aplicarase sobre a cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que se refire o apartado 1 deste artigo.

Esta bonificación ten carácter rogado, e tramitarase previa solicitude do interesado, achegando a documentación acreditativa da cualificación outorgada pola Xunta de Galicia.

4.—Terán dereito a unha bonificación do 50 % na cota do imposto, as construcións, instalacións e obras realizadas sobre edificacións existentes, que vaian destinadas ou impliquen a eliminación de barreiras arquitectónicas ou favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras

específicamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo, e no seu caso, unha vez aplicadas ó devandito importe as bonificacións a que se refiren os apartados anteriores deste artigo.

Esta bonificación ten carácter rogado, e tramitarase previa solicitude do interesado, no intre de solicita-la licenza municipal.

ARTIGO 9. Devengo

O Imposto devéñase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivo a correspondente licenza.

ARTIGO 10. Xestión

Cando se solicite a preceptiva licenza ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa ou cando, non solicitándose, concedido ou denegado aínda aquela ou presentado estas, iníciase a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible:

a) En función do Orzamento presentado polo interesado, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente, cando esto sexa un requisito preceptivo.

b) Noutro caso, determinarase en función dos prezos medios, índices ou módulos que figuran como Anexo á Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola expedición de licencias urbanísticas.

Finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará a base imponible anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, esixindo ou reintegrando ao suxeito a cantidade que corresponda.

ARTIGO 11. Comprobación e Investigación

A Administración Municipal poderá, por calquera dos medios previstos nos Artigos 57 e 131 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, levar a cabo os procedementos de verificación de datos, comprobación de valores e comprobación limitada.

ARTIGO 12. Réxime de Infraccións e Sancións

Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

As modificacións que se introduzan na regulación do Imposto, polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou por calquera outras Leis ou disposicións, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente Ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Gondomar, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de ano seguinte a da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.